

RESOLUCIÓN REITORAL DE 9 DE XANEIRO DE 2020 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE Á UNIVERSIDADE DE VIGO PERTENCENTE ÁS ÁREAS DE COÑECEMENTO SELECCIONADAS NO CONSELLO DE GOBERNO DE 20 DE DECEMBRO DE 2019

O Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019, acorda aprobar a convocatoria e a creación de 5 prazas de profesorado docente e investigador correspondentes ao 15% das ofertas de emprego público de 2018 (OEP 18) e 2019 (OEP 19), reservado para persoal investigador que finalizara o programa “Ramón y Cajal”, teña a certificación I3 e dispoña da acreditación correspondente para as categorías de profesorado contratado doutor e profesorado titular de universidade.

Nesa mesma sesión do Consello de Goberno, aprobouse o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo, onde se establece que con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente nun determinado campus correspondente á reserva do 15% indicada, o persoal docente e investigador con vinculación permanente pertencente a esa área de coñecemento, poderá solicitar o cambio de adscrición de campus ao xerado pola praza a crear.

Por todo isto, ESTA REITORÍA RESOLVE,

- 1) Publicar a convocatoria de mobilidade entre campus (segundo o acordo de CG 20/12/19) e abrir un prazo de presentación de solicitudes **desde o 10 de xaneiro de 2020 ata o 19 de xaneiro de 2020 (incluído)**, para o persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo pertencente aos departamentos e áreas de coñecemento que se relacionan no anexo I.

A solicitude presentarase a través do Rexistro Xeral ou Auxiliares da Universidade de Vigo ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o modelo establecido no anexo II.

Deberase indicar, por orde de prelación, o código da praza que xera a mobilidade. De non se establecer na solicitude o código da praza, será causa de exclusión para participar nesta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Vigo, 9 de xaneiro de 2020

O Reitor

Por delegación (RR 01/12/2018)

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer



ANEXO I

Relación dos códigos e áreas de coñecemento das 5 prazas correspondentes á reserva do 15% das OEP 18 e OEP 19 para persoal investigador doutor que finalizara o programa “Ramón y Cajal” e acadara a certificación I3 (CG 20/12/19) para poder participar na convocatoria de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo (RR 09/01/2020)

COD. PRAZA	CATEGORÍA	ÁREA	DPTO.	CENTRO	CAMPUS
CD1901-T04-555-CD-TC-01. Perfil: G650924 Modelaxe de procesos biotecnolóxicos	PCD	ENXEÑARÍA QUÍMICA (555)	ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04)	312	VIGO
CD1901-C02-412-CD-TC-01. Perfil: G030603 Fisioloxía Vexetal II e G030801 Redacción e Execución de Proxectos	PCD	FISIOLOXÍA VEXETAL (412)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	302	VIGO
TU1901-T08-398-TU-TC-01. Perfil: G261916 Climatoloxía física	PTU	FÍSICA DA TERRA (398)	FÍSICA APLICADA (T08)	101	OURENSE
TU1901-T08-398-TU-TC-02. Perfil: G261504 Modelización e simulación ambiental	PTU	FÍSICA DA TERRA (398)	FÍSICA APLICADA (T08)	107	OURENSE
TU1901-C12-765-TU-TC-01. Perfil: Materias da área	PTU	QUÍMICA ORGÁNICA (765)	QUÍMICA ORGÁNICA (C12)	311	VIGO

